PARADA 02
AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO

AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO. PASO A PASO

1. COLOCAR OS IDENTIFICADORES NAS ÁRBORES (*con número e folla*)
2. PRESENTACIÓN DO ESPAZO
3. PLANTEXAMENTO DO OBXECTIVO: SABER SE ESAS ÁRBORES CONVIVIRON CON DÍAZ CASTRO
4. FACEMOS 4 GRUPOS REPARTÍNDOLLES AS FICHAS DAS ÁRBORES QUE VAN IDENTIFICAR
5. REPARTIR O MAPA COA FÓRMULA E OS DATOS QUE PRECISAN PARA ENCHER A FICHA
6. EXPLICAR QUE TEÑEN QUE COLGAR A FOTO CORRESPONDENTE DE DC NAS ÁRBORES
7. ANUNCIAR QUE AO REMATAR ATOPÁMONOS TODOS NO CENTRO DA AIRA
8. ANFITRIÓNS E GUÍAS AXUDAN ÓS GRUPOS
9. OS GUÍAS AGARDAN NA AIRA *(se os grupos se apañan sos)*
10. POSTA EN COMÚN: QUE ÁRBORÉ É, CANTOS ANOS TEN E CON QUE DÍAZ CASTRO CONVIVIU
11. ESCOLLEN UNHA ÁRBORE ENTRE TODOS PARA A FOTO FINAL
12. LEMOS ESMERALDA NESA ÁRBORE E FACÉMONOS UNHA FOTO DE GRUPO NA ÁRBORE
13. RECOLLEMOS O MATERIAL

AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO. PRESENTACIÓN

Estamos na Aira dos Coira onde Díaz Castro xogaba de neno xa que esa de ahí era a súa casa. Moitas das árbores que vedes nesta aira creceron canda el e outras foron plantadas cando xa era maior. Imos averiguar **de que época da vida de Díaz Castro** é cada unha e para iso temos que calcular a idade das árbores.

Por exemplo esta, sabedes **que árbore é**? É un teixo. É unha árbore tóxica excepto na envoltura das sementes, se non os paxaros non poderían dispersalas para facilitar a súa reprodución. Díaz Castro naceu o 19 de xaneiro de 1914 así que, **cantos anos tería hoxe? E cantos credes que ten esta árbore?**

A maneira máis exacta de saber a idade dunha árbore é contando os aneis do tronco pero teriamos que cortala e iso non lle gustaría ó neno Pepe, que era un amante da natureza. Imos empregar outro método que é medir o c**ontorno do tronco e aplicar a fórmula cos datos** que tedes nestas fichas.

Cada grupo identificará e calculará a idade de dúas árbores e colgará nela a foto de Díaz Castro que lle corresponda: o neno, o mozo, o adulto ou o vello. Os nosos guías axudaránvos. Cando rematedes xuntámonos na aira.
(repartimos as fichas das árbores)

MATERIAIS NECESARIOS:

- 4 Guías da aira plastificadas
- 4 Cintas métricas
- 4 Lapis
- 4 libretas
- 4 fichas para cubrir (imprimir)
- Fotos de Díaz Castro con cordel
- Identificadores das árbores (8)
- Calculadoras ou móbiles
- 4 poemas de Esmeralda

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Repartimos as fichas impresas con 2 árbores cada. Así creamos grupos de 2-3 persoas.
- A última parte desta presentación pode facela a guía que explique a dinámica
- Os anfitrións e os guías acompañan os grupos. Se hai suficientes alo menos un dos guías quédase no centro da Aira coas fotos de Díaz Castro que teñen que ir buscar para pendurar das ramas.
- Durante a actividade recordámoslles que teñen que ir colgando as fotos correspondentes ans árbores.

1 AMEIXEIRA
2 ACIVRO
3 MACEIRA
4 CIPRÉS
5 PRADAIRO
6 EUCALIPTO
7 CARBALLO
8 TEIXO



MORFOLOXÍA DAS FOLLAS

Linear	
Acicular	
Escamiforme	
Enteira	
Serrada	
Dentada	
Lobulada	

TAXA DE CRECEMENTO

Carballo	0,45 cm/ano
Teixo	0,39 cm/ano
Acivro	0,28 cm/ano
Eucalipto	0,29 cm/ano
Maceira	0,26 cm/ano
Pradairo	0,49 cm/ano
Ciprés	0,39 cm/ano
Ameixeira	0,27 cm/ano

FÓRMULA

RADIO = circunferencia / (2 x pi)

IDADE = radio / taxa de crecemento

AS IDADES DE DÍAZ CASTRO

Infancia
1914-1929
*(entre 101-86 anos)**

A súa vida estaba entre o Vilariño, Buriz e Vilares

Xuventude
1929-1939
*(entre 86-76 anos)**

Etapa do seminario e da Guerra Civil

Idade adulta
1939-1983
*(entre 76-32 anos)**

Traballa de mestre en Vilagarcía e tradutor en Madrid

Vellez
1983-1990
*(entre 32-15 anos)**

Xa xubilado, retorna a Guitiriz

* Datas calculadas no 2015

Taxus baccata teixo, teixeiro tejo	
Número: 8	
Perenne X	Caduco
Morfoloxía: Linear	
Contorno: 228 cm	Idade: 93

Prunus salicina ameixeira japónica ciruelo japonés	
Número: 1	
Perenne	Caduco X
Morfoloxía: Serrada	
Contorno: 65 cm	Idade:38

Quercus robur carballo roble	
Número: 6	
Perenne	Caduco X
Morfoloxía: Lobulada	
Contorno: 76 cm	Idade:27

Cupressus sempervirens ciprés común ciprés común	
Número: 4	
Perenne X	Caduco
Morfoloxía: Escamiforme	
Contorno: 230 cm	Idade: 93

Malus domestica maceira manzano	
Número: 3	
Perenne	Caduco X
Morfoloxía: Serrada	
Contorno: 89 cm	Idade: 54

Acer pseudoplatanus pradairo arce, falso plátano	
Número: 5	
Perenne	Caduco X
Morfoloxía: Lobulada	
Contorno: 83 cm	Idade:27

Eucalyptus sp. eucalipto eucalipto	
Número: 7	
Perenne X	Caduco
Morfoloxía: Linear	
Contorno: 540 cm	Idade: 296

Ilex aquifolium acivro, acivreira, xardón acebo	
Número: 2	
Perenne X	Caduco
Morfoloxía: Dentada	
Contorno: 17 cm	Idade: 10

* Datas calculadas no 2015, revisar e facer anoótacins se fose necesario

DESCRIPCIÓN ÁRBORES

Cupressus sempervirens (ciprés común)
Conífera que pode acadar os 30 metros de altura. A forma da copa é de aspecto compacto e estreito. As flores femininas forman pequenas piñas de cor gris verdosa de 2 a 3 cm de diámetro. As masculinas son cilíndricas de ton amarelo de entre 3 e 5 mm de longo. Cultivouse extensamente como árbore ornamental. Estúdase a súa resistencia ao lume xa que un grupo de 946 cipreses, sobreviviron a un gran lume en Valencia no 2012.

Taxus baccata (teixo)
Conífera que se atopa nas fragas de montaña da parte oriental de Galicia. A madeira é moi apreciada en ebanistería. Toda a planta é moi tóxica por conter o alcaloide taxina excepto na envoltura carnosa da semente para posibilitar a súa dispersión polas aves. Recentemente empregada para extraer un composto de propiedades antitumorais (taxol). É unha especie en franca regresión que precisa de urxente protección.

Ilex aquifolium (acivro)
Habita en zonas sombrías de bosques caducifolios sobre solos ácidos. Máis abundante na parte oriental de Galicia onde chega a formar pequenos bosques. Utilizada como especie ornamental. Forma parte da tradición decorativa do Nadal tras substituír ao visgo, considerado pagán polo catolicismo. Follas de cor verde brillante polo feixe e verde amarelento mate polo envés, lampiñas (sen pelos), moi ríxidas e coriáceas.

Acer pseudoplatanus (pradairo)
Utilízase como ornamental en paseos, estradas, parques e xardíns. Grazas á poda e á súa capacidade de unirse polas ramas crean efectos de arcos naturais cando se atopan sen follas. Habita en solos fértiles e profundos de bosques caducifolios e vales. A súa dura madeira é moi estimada.

Malus domestica (maceira)
Pertence á familia das rosáceas. É unha árbore moi estendida polo seu uso ornamental e froiteiro. A súa madeira, dura e cun lixeiro brillo, é utilizada na artesanía, escultura e ebanistería de luxo. Escasa en Galicia, só aparece na parte oriental. O froito úsase na elaboración de sidra.

Eucalyptus sp. (eucalipto)
Introducido en Galicia en 1860 actualmente ocupa unha ancha franxa costeira que penetra nas bacías dos ríos Miño e Sil. Cun rápido crecemento, é moi produtiva en volume de madeira e utilizada na industria papeleira. Só tolera lixeiras xeadas de ata −5 ºC. Ten usos medicinais polas súas propiedades balsámicas e antisépticas, empregándose contra a bronquite e os catarros en forma de infusión ou en inhalacións.

Quercus robur (carballo)
É a árbore máis típica de Galicia, a pesar de estar en franca regresión. Habita en bosques caducifolios en terreos profundos, frescos e soltos. Posúe gran valor ornamental e paisaxístico. A madeira é moi utilizada na construción naval, fabricación de travesas de ferrocarril, carpintería e ebanistería. Produce un carbón de calidade. A cortiza contén taninos de utilidade para curtir pieles.

Prunus salicina (ameixeira japónica)
Da familia das rosáceas, é unha especie froiteira cultivada dende antigo. Hai dous grandes grupos: as europeas (*Prunus domestica*) e as asiáticas (*Prunus salicina*). A asiática pódese cultivar en zonas menos frías e son máis precoces. O froito consúmese fresco ou desecado. O aceite da súa semente úsase como alimento.

AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO. CONCLUSIÓN

Agora que xa identificamos tódalas árbores imos **compartir os datos** co resto de compañeiros. *(Amosamos o mapa da guía)* Que especie é e cantos anos ten a árbore número 1? E a número 2? A número 3? A número 4? A número 5? A número 6? A número 7? E a número 8?

(Amosamos as fotos da guía) Cales desas árbores **xa estaban aquí cando** Díaz Castro era un neno? E cando estuda no seminario? Cales se plantaron mentres vivía en Madrid e viña aquí a pasar os veráns? E cales son as máis novas que el coñeceu xa de xubilado, cando regresou a Guitiriz?

Díaz Castro amaba a natureza e de neno gustáballe identificar as plantas e animais que atopaba por estes camiños. Tamén coleccionaba niños de paxaros e seguro que era moi bo trepando as árbores. Nós non imos trepar pero si **escoller unha das árbores** para ler ESMERALDA un dos seus poemas máis famosos e facernos unha foto co Díaz Castro desa idade.

Primeiro o poema. Como sodes catro grupos podedes ler dous versos cada un. E agora a foto.

E agora si, podedes ir á seguinte parada ou se rematastes regresar á capela.

MATERIAIS NECESARIOS:

- Fotos de Díaz Castro con cordel
- 4 poemas de Esmeralda

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Se as idades resultantes sorprenden aclaramos que as taxas de crecemento están influidas por moitas cousas, como a calidade do chan, a auga ou a presenza de máis árbores e que non esrte non é un método exacto.
- Imos sinalando as árbores no mapa e no lugar a medida que as identifican.
- Escollen unha das árbores para ler o poema Esmeralda entre todos e despois facemos a foto final na árbore.

ESMERALDA

Herba pequerrechiña
que con medo surrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sin ti,
por que de ser pequena
te me avergonzas ti?
O Universo sería máis
pequeno sin ti!

Infancia
1914-1926

Xuventude
1929-1939

Idade adulta
1939-1983

Vellez
1983-1990